

INT/2026/000322

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE PRESTAMOS 2024 E 2025.

Mediante Providencia da Concelleira delegada de Facenda de data 19 de maio, ordénase a incoación de expediente de Modificación orzamentaria coa finalidade de dotar crédito a determinados proxectos de gasto que non poden demorarse ata a aprobación do novo Orzamento municipal, por estar suxeitos a prazos de execución ou necesidades urxentes propostas pola cidadanía e os propios servizos municipais.

Dita Providencia deriva nos expedientes de modificación orzamentaria que a seguir se indican:

- Expediente **Nº 01/SC/2026** de modificación de crédito por suplemento de crédito por importe de 150.000,00 € financiado con baixas de créditos existentes nos Anexos de Investimento dos exercicio 2024.
- Expediente **Nº 01/CE/2026** de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de **542.423,66€** financiado con baixas de créditos existentes nos Anexos de Investimento do exercicio 2024.
- Expediente **Nº 01/CF/2026** de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de operacións de préstamos a longo prazo concertadas e ingresadas nos exercicios 2024 e 2025 afectas aos proxectos de gasto engadidos nos respectivos Anexos de investimento, , por un importe global de **942.423,66€**. Estes expedientes afectan aos proxectos que a seguir se indican:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPONIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
342	62200	2024-2-PREST-1	AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA	3.005.067,71	692.423,66	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)
1722	60900	2025-2-PREST-2	PRAIAS PREGUNTOIRO E BAMIO	250.000,00	250.000,00	ABANCA (PTMO ANEXO INVEST. 2025)
				3.255.067,71	942.423,66	



O que se pretende con estas modificacións é dotar os créditos necesarios para dar cobertura aos seguintes proxectos:

APLICACIÓN		PROX	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
1530	61900	2026 2 EDIL 4	HUMANIZACIÓN RÚA ADUANA E CRUZ	480.000,00 €
1722	60900	2025 2 PREST 2	PRAIAS VILAGARCÍA	250.000,00 €
1530	61900	2024 2 PREST 16	MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA RÚA SAN ROQUE	150.000,00 €
334	63200	2026 2 PREST 1	RESTAURACIÓN AUDITORIO	62.423,66 €
				942.423,66 €

Polo tanto, trátase de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria con carácter urgente, e para o que no orzamento prorrogado non existe crédito suficiente e axeitado, non sendo admisible esperar nin á aprobación definitiva do orzamento nin o próximo exercicio para a súa execución:

- “HUMANIZACIÓN RÚA ADUANA E CRUZ “: Na sesión Plenaria de 27/02/2025 aprobouse o Plan de Actuación Integrado (PAI) que vai ser financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período 2021-2027 nun 60% polo que o Concello debe achegar o restante 40% e no que se propoñía a Rehabilitación e Humanización de espazo urbano en Carril. Sendo necesario e inaprazable a execución do proxecto para poder cumprir os compromisos adquiridos e dar continuidade ao proxecto de Rehabilitación e Humanización xa iniciado.
- Proxecto 2024 2 PREST 16, “MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA RÚA SAN ROQUE“, dotado no Anexo de Investimentos do exercicio 2024 cun orzamento de 300.000,00€, sendo necesaria unha maior dotación de crédito para dar cabida a todas as actuacións previstas no proxecto.
- Proxecto 2026 2 PREST 1, “RESTAURACIÓN AUDITORIO “ importe que se estima necesario para acometer reformas no Auditorio que permitan evitar os danos causados polas filtracións e a reparación dos danos existentes.
- Proxecto 2025 2 PREST 2, “PRAIAS DE VILAGARCÍA“, dotado no Anexo de Investimentos do exercicio 2025 cun orzamento de 250.000,00€, trátase dun cambio no destino dos fondos para poder ampliar a área de actuación e abarcar todos os areais municipais de cara á súa mellora sin que teña repercusión orzamentaria dado que o importe e a aplicación orzamentaria non van ser alterados, procedendo neste caso a unha modificación do Anexo de Investimentos de 2025 no que atinxe á denominación do proxecto.



Tendo en conta o sobranse existente no proxecto 2024-2-PREST-1 AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA, pola aparición de maior financiación derivada da Resolución do 16 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se concede a ao Concello de Vilagarcía de Arousa, como Organismo Intermedio Lixeiro (OIL), unha asignación de senda FEDER de 3.872.912,00Euros, equivalente a unha taxa de cofinanciamento do 60% do investimento proposto(6.454.853,00 Euros),debendo aportar o Concello a contía de 2.581.941,00 € no que se inclúe o proxecto indicado, estimándose un sobranse de financiamento de 2.005.067,70€, e que constitúe un recurso que pode financiar os aumentos que se propoñen por un importe de **692.423,66€** ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente, que existen exceso de financiamento nos proxectos indicados, esta Alcaldía, co obxecto de atender ao gasto anteriormente descrito propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente **Nº 01/CF/2026** de Cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de operacións de préstamo a longo prazo concertadas e ingresadas nos exercicios 2024 e 2025 afectas aos seguintes proxectos de gasto coa correspondente modificación dos anexos de investimentos:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO DISPOÑIBLE	CAMBIO FINALIDADE	AXENTE FINANCIADOR
342	62200	2024-2-PREST-1	AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA	3.005.067,71	692.423,66	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)
1722	60900	2025-2-PREST-2	PRAIAS PREGUNTOIRO E BAMIO	250.000,00	250.000,00	ABANCA (PTMO ANEXO INVEST. 2025)
				3.255.067,71	942.423,66	

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente **Nº 01/SC/2026** de modificación de crédito mediante suplemento de crédito financiado con baixa na aplicación 342-62200 procedente do sobranse no proxecto 2024-2-PREST-1 e por importe de 150.000,00 € para atender as seguintes actuacións:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE SUPLEMENTO	AXENTE FINANCIADOR	TOTAL FINANCIADO
1530	61900	2024-2-PREST-16	MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA	150.000,00	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST.	150.000,00



			RÚA SAN ROQUE		2024)	
				150.000,00		150.000,00

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente Nº 01/CE/2026 de modificación de crédito mediante crédito extraordinario, financiado con baixa na aplicación 342-62200 procedente do sobranse no proxecto 2024-2-PREST-1 e por importe de **542.423,66€** para atender as seguintes actuacións:

APLICACIÓN ORZ.		PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	AXENTE FINANCIADOR	TOTAL FINANCIADO
1530	6190019	2026-2-EDIL-4	REHABILITACIÓN E HUMANIZACIÓN DO ESPAZO URBANO EN CARRIL: ADUANA E CRUZ	480.000,00	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)	480.000,00
334	63200	2026-2-PREST-1	RESTAURACIÓN AUDITORIO	62.423,66	BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024)	62.423,66
				542.423,66		542.423,66

CUARTO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son a baixa de créditos de gastos da aplicación 342-62200 do orzamento vixente correspondentes ao Proxecto de gasto 2024-2-PREST-1 con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertada e ingresada no exercicio 2024.

QUINTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, implicando a presente modificación o desestimento expreso para o proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, porque se estima sobranse pola aparición de novos axentes financiadores

SEXTO: Modificar o Anexo de Investimentos correspondente, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os proxectos de gasto con financiamento afectado indicados.



SETIMO: Expoñer ao público os expedientes indicados, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coas modificacións propostas, farase uso da excepción prevista na base nº 10 das BEO de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

OITAVO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes sinalados, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Ademais, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

